



## **BASES PROGRAMACIÓN DEPORTIVA “DEPORTENASNEVES VERÁN 2021”**

### **1º. OBXECTO**

O Concello das Neves coa finalidade de fomentar hábitos de vida saudables e promover a iniciación e mellora deportiva da xuventude en colaboración con diversos clubs deportivos vai desenvolver os seguintes Cursos e actividades deportivas durante este verán :

1. CURSO DE ORIENTACIÓN.
2. CURSO DE BÁDMINTON.
3. CURSO DE NATACIÓN.
4. CURSO DE BTT.
5. CURSO DE BALONCESTO.
6. CURSO DE TENIS.

### **2º. PERSOAS DESTINATARIAS**

Adolescentes de 12 a 18 anos.

Necesítase un mínimo de 10 participantes en cada actividade para que se poida desenvolver.

O número máximo de persoas usuarias será determinado no momento de remate da inscrición tendo en conta, entre outros, as condicións relacionadas coa COVID19. A orde de inscrición sería determinante en caso de finalmente ter que determinar un límite máximo.

Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de As Neves, circunstancia que se indicará marcando a casilla correspondente na solicitude.

### **3º. LUGAR DE REALIZACIÓN**

Realizarase en diversas instalacións municipais ou lugares de uso público do Concello de As Neves.

### **4º. INSCRICIÓN**



As persoas interesadas deberán presentar nas Oficinas Xerais ou a través da Sede Electrónica do concello a solicitude de inscrición (Anexo I, dispoñible na web do Concello), cuberta xunto coa seguinte documentación:

- DNI do pai/nai/titor/a
- DNI da/o menor ou libro de familia
- Cartilla da Seguridade Social
- Xustificante de pago da inscrición na actividade/s seleccionadas.

As persoas que desexen máis información sobre as actividades deportivas de Verán e/ou a documentación a aportar poden realizar a consulta a través do teléfono 986648038, ou a través do enderezo electrónico [concello@asneves.gal](mailto:concello@asneves.gal)

#### **5°. PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA.**

O prazo de presentación de solicitudes comeza o luns, 21 de xuño de 2021 e finaliza nas seguintes datas:

- Para os cursos que comecen no mes de xullo o último día para realizar as inscrición será o **29 de xuño**.
- Para os cursos que se realicen no mes de agosto o último día para realizar as inscrición será o **26 de xullo**.

#### **6°. RESULTADO DA SELECCIÓN.**

- O día 30 de xuño de 2021 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web e Sede Electrónica do Concello o listado de admitidos, para o mes de xullo.
- O día 29 de xullo de 2021 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web e Sede Electrónica do Concello o listado de admitidos, para o mes de agosto.



## 7º. ACTIVIDADES E PREZOS PÚBLICOS.

As actividades deportivas a desenvolver son:

### 1. CURSO DE ORIENTACIÓN.

Impartido polo Club Cornelios. O obxectivo é desenvolver probas de orientación por parellas.

A actividade realizarase os mércores do mes de xullo en horario de 9,30 a 11,30 horas tendo como punto de partida a Praza Maior. **Prezo 20,00 euros mensuais.**

### 2. CURSO DE BÁDMINTON.

Impartido polo Club Bádminton As Neves. O obxectivo é desenvolver adestramentos personalizados por niveis de iniciación ao bádminton, xogos e un torneo entre as participantes.

A actividade realizarase os luns e mércores do mes de agosto en horario de 10,00 a 12,00 horas no pavillón municipal. **Prezo 30,00 euros mensuais.**

### 3. CURSO DE NATACIÓN

Impartido por Monitores/as. O obxectivo é desenvolver actividade de natación.

A actividade realizarase os venres de xullo e agosto en horario de 12,00 a 13,30 horas na área deportiva da Caíña. **Prezo 20,00 euros mensuais.**

### 4. CURSO DE BTT.

Impartido pola Asociación Cultural e Deportiva Sanomedio. O obxectivo é o desenvolvemento da actividade de bicicleta de montaña por rutas e camiños municipais para o mellor goce da actividade deportiva.

A actividade realizarase os sábados de xullo e agosto en horario de 10,00 a 12,00 horas na área deportiva da Caíña. **Prezo 20,00 euros mensuais.**



## 5. CURSO DE BALONCESTO.

Impartido polo Club Baloncesto Condado. O obxectivo é o desenvolvemento da actividade de baloncesto para mellorar as capacidades e destrezas e para o mellor goce desta actividade deportiva.

A actividade realizarase os martes e xoves de xullo e agosto en horario de 10,00 a 12,00 no pavillón deportivo . **Prezo 30,00 euros mensuais.**

## 6. CURSO DE TENIS .

Impartido por un profesional da materia. O obxectivo é o desenvolvemento da actividade de tenis con exercicios nos que se busca a aprendizaxe de forma divertida mostrando a técnica en busca da coordinación e a destreza nesta actividade deportiva.

A actividade realizarase os venres de xullo e agosto durante unha hora entre as 10,00 e as 13,00 horas si fosen precisos varios grupos, na área deportiva da Caíña. **Prezo 30,00 euros mensuais.**

As Neves, na data que figura na marxe

O Alcalde-Presidente

Documento asinado electrónicamente

Xosé Manuel Rodríguez Méndez

